

ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DE ALUMNOS/AS “O FORTE” DO C.P.I.P. ANTONIO ORZA COUTO (ANPA “O FORTE”)

CAPÍTULO I DA ASOCIACIÓN EN XERAL

Artigo 1. Denominación e natureza.

A ASOCIACIÓN DE PAIS DE ALUMNOS/-AS “O FORTE” DO C.P.I.P. ANTONIO ORZA COUTO (APA “O FORTE”) constitúese como unha organización de natureza asociativa e sen ánimo de lucro, ó amparo da Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, e de acordo co artigo 22 da Constitución e o artigo 5 da Lei Orgánica 8/1985, de 3 de xullo, reguladora do dereito de educación e demais lexislación aplicable.

Dita Asociación muda de nome e pasa a denominarse “ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DE ALUMNOS/-AS “ O FORTE” DO C.P.I.P. ANTONIO ORZA COUTO” (ANPA “O FORTE”), respectando o disposto no artigo 8 da Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación e o Real Decreto 949/2015 de 23 de outubro, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro Nacional de Asociacións e das súas relacións cos restantes rexistros de asociacións.

Tamén procédese a adaptalo resto dos Estatutos da denominada agora ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DE ALUMNOS/AS “O FORTE” DO C.P.I.P. ANTONIO ORZA COUTO (ANPA “O FORTE”), con nº Rexistro Provincial de Asociacións sen ánimo de lucro 1981/1.078 - 1 e C.I.F. G-15.351.463.

Art. 1 bis Personalidade e capacidade.

A asociación constituída ten personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, podendo realizar todos aqueles actos que sexan necesarios para o cumprimento da finalidade para a que foi creada, con suxeición ao establecido no ordenamento xurídico.

Artigo 2. Fins.

Son fins principais da Asociación:

- a. Requiritr ós organismos competentes da administración que se cumpran as Leis relativas á educación, entendida esta como dereito humano de carácter fundamental.
- b. Defende-los dereitos e intereses das nais e pais en materia educativa.
- c. Promove-la igualdade de oportunidades entre tódolos alumnos/as do centro.
- d. Requiritr dos organismos oficiais e privados a atención e axuda que a ensinanza merece.
- e. Fomentar e facilitar, polos medios que estime máis idóneos, un estreito contacto colectivo e persoal, das nais e pais cós profesores e profesoras, e directivos do Centro, co fin de acadar unha unidade de acción, orientando a ditas nais e pais acerca da educación dos seus fillos e fillas en especial sobre as súas responsabilidades no Colexio.
- f. Promove-las iniciativas económicas de axuda ó Colexio, subvencións, para fins xerais e concretos, como biblioteca, laboratorios, comedor, transporte escolar, etc.
- g. Promover e facilita-las actividades do Colexio, en especial de carácter artístico, cultural, deportivo, etc.
- h. Facilita-las visitas ós talleres, museos e outras institucións culturais, así como organizar conferencias ou charlas para membros da Asociación a cargo de persoas de prestixio, pedagogía familiar, psicoloxía infantil, hixiene escolar ou calquera outra disciplina de ámbito educativo.
- i. Escollelos seus representantes e participar efectivamente nos órganos colexiados do Centro.

- j. Elaborar, desenvolver ou modificar, xunto co Claustro de Profesores o Regulamento de Réxime Interno do Centro.
- k. Defende-los dereitos das nais e pais que integran esta Asociación en canto concirne á educación dos seus fillos e fillas.
- l. Desenvolver programas de educación familiar para proporcionar ás nais e pais e titores e titoras coñecementos e orientacións técnicas relacionadas coa súa misión educadora e de cooperación cos centros educativos.
- m. Colaborar có Centro na ampliación e mellora das súas instalacións e servizos.
- n. Proporcionar calquera outra actividade que poda cubrir as necesidades dos asociados, así como dirixidas a achegar recursos para cumprir cós fins fundacionais.

Artigo 3. Actividades.

Para levar a cabo os seus fins, poderá a Asociación organiza-las seguintes actividades:

- a. Dinamización dun espazo de encontro.
- b. Deseño e execución de cantas accións ou actividades sexan precisas para conseguila participación das persoas asociadas.
- c. Presta-la súa colaboración á Dirección do Colexio e fomenta-las relacións de colaboración con institucións públicas, empresas privadas e organizacións non lucrativas que permitan un mellor cumprimento dos fins fundacionais.
- d. Calquera outra actividade que a Xunta Directiva considere axeitada para o cumprimento dos fins da Asociación.

A Asociación poderá elevar propostas, suxestións, informes e consultas ó Claustro de Profesores, Dirección do Centro, Xunta Municipal de Educación, Inspección Técnica e Delegacións Provinciais da Consellería de Educación sempre que o estimen pertinente para a boa marcha dos Centro ou cando observen deficiencias que incidan negativamente na educación dos alumnos e alumnas.

Ós efectos previstos no apartado anterior, considéranse aspectos de especial incidencia no funcionamento do Centro:

- 1. Os retrasos nos nomeamentos do profesorado cando se producen vacantes por enfermidade, nacemento ou adopción de fillos/as, permisos, etc.
- 2. O emprego dos recursos económicos en construcións e arranxos escolares.
- 3. A adaptación do calendario escolar a cada localidade e o seu cumprimento.
- 4. A utilización dos recursos económicos destinados a actividades docentes e extraescolares.
- 5. Elaboración e cumprimento do regulamento interior do Centro.
- 6. A posta en marcha e funcionamento dos comedores e transporte escolar.

Os beneficios que se obteñan por calquera concepto destinaranse exclusivamente ó cumprimento destes fins, sen que se poidan repartir entre as persoas asociadas nin outras persoas físicas ou xurídicas con interese lucrativo.

Artigo 4. Enderezo.

A asociación establece o seu domicilio social na rúa O Forte s/n, localidade O Forte, C.P. 15881, concello Boqueixón, provincia de A Coruña, teléfono 881 866778.

Correo electrónico: anpadoforte@gmail.com

Páxina Web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/cpiantonioorzacouto/>

Artigo 5. Ámbito de actuación.

A asociación en funcións dos seus fins e da localización do seu domicilio social, exercerá fundamentalmente as súas actividades no ámbito local do Concello de Boqueixón.

1º A duración desta Asociación é de carácter indefinido e só se disolverá conforme a estes Estatutos, pola vontade das persoas asociadas expresada en Asemblea Xeral Extraordinaria ou polas causas previstas na lexislación vixente.

2º A asociación rexerese segundo os principios democráticos contidos no marco da Constitución e o resto do ordenamento xurídico.

CAPÍTULO II DAS PERSOAS ASOCIADAS

Artigo 7. Requisitos.

Poderán ser integrantes da Asociación tódalas aquelas persoas físicas, con plena capacidade de obrar, que reúnan os seguintes requisitos:

- a. Ser maiores de idade.
- b. Formaliza-la integración mediante a cobertura do documento de incorporación.
- c. Ter interese no desenvolvemento dos fins da Asociación.
- d. Ter fillos escolarizados no Centro.

~~Artigo 8.~~

Artigo 9. Dereitos.

1. As persoas asociadas teñen os seguintes dereitos:

- a) Participar nas actividades da asociación
- b) Ser electoras e elixibles para os cargos dos órganos de goberno.
- c) Participar nas Asembleas con voz e voto.
- d) Recibir información da composición dos órganos de goberno e representación da asociación, do seu estado de contas e do desenvolvemento da súa actividade.
- e) Acceder á documentación da asociación a través dos órganos de representación.
- f) Ser oídas con carácter previo á adopción de medidas disciplinarias contra elas e ser informadas dos feitos que dean lugar ás ditas medidas, debendo motivarse o acordo que, no seu caso, impoña a sanción.
- g) Impugnar os acordos dos órganos da asociación que estime contrarios á lei ou ós estatutos.

2. Non poderán exercer o dereito de sufraxio activo e pasivo as persoas asociadas que non estean ao día no pagamento das cotas sociais.

Artigo 10. Obrigas

Son obrigas das persoas asociadas:

1. Prestar cantos servizos determinen os Estatutos, o Regulamento de Réxime Interno e os Acordos das Asembleas Xerais.
2. Desempeña-los cargos para os que foron escollidos.
3. Asistir as Asembleas Xerais.
4. Satisfacelas cotas que se establezan.
5. Observar unha boa conduta individual e cívica.
6. Cumprilos acordos da Asemblea Xeral e o contido dos Estatutos.

~~Artigo 11~~

Artigo 12. Admisión persoas asociadas.

Os acordos de admisión das persoas asociadas tomaraos a Xunta Directiva, unha vez recibida a petición escrita da persoa que desexa ser admitida/o.

Artigo 13. Perda da condición de persoa asociada.

1. A condición de asociado ou asociada pérdese:

- a) Por vontade propia, que se fará efectiva mediante presentación de renuncia, por escrito ante a Xunta Directiva e dirixida a secretaria da asociación. A renuncia terá efectos desde a data da súa presentación.
- b) Por baixa dos fillos/as como alumnos do centro educativo.
- c) Por falta de pagamento da cota anual de socio, salvo causa xustificada, que será efectiva desde a notificación do acordo adoptado pola Xunta Directiva, ao interesado.
A persoa que perde a súa condición de asociada polo suposto sinalado no apartado anterior, poderá ser rehabilitada na súa condición de asociada, se no prazo de tres meses desde a notificación abonase a cota pendente de pago.
- d) Por incumprimento dos presentes estatutos ou dos acordos validamente adoptados polos órganos da asociación, así como pola realización de accións que prexudiquen gravemente os intereses da asociación.
- e) Por falecemento da persoa física ou extinción da persoa xurídica.
- f) Por expediente disciplinario.
- g) Cando o socio deixase de ter fillos/as no Colexio.

Artigo 14. Expulsión persoas asociadas.

A expulsión das persoas asociadas será acordada pola Xunta Directiva, previa audiencia do interesado/a. O acordo de Expulsión deberá ser ratificado pola Asemblea Xeral extraordinaria e contra a súa resolución poderase recorrer ante a xurisdición ordinaria.

Cando a baixa se produza por vontade dun asociado/a, este/a deberá realizar unha petición escrita e procederá ó aboamento previo de tódalas cotas que teña pendentes.

Artigo 15. Separación temporal persoas asociadas.

Os asociados/as poderán pedir a separación temporal por escrito.

A Xunta Directiva poderá acorda-la separación temporal dun asociado/a previa audiencia do interesado/a, cando se este tramitando un expediente sancionador, ou concorran causas xustificadas que o aconsellen, tales como a demora no pago dalgunha cota ou comportamentos que afecten a boa marcha dalgún dos fins da Asociación. O expediente sancionador recollerase no Regulamento de réxime interno, pero en todo caso a Resolución poderase recorrer perante a xurisdición ordinaria.

CAPÍTULO III DOS ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN

Artigo 16. Dirección e Administración.

A dirección e administración da Asociación serán exercidas polo Presidente, a Xunta Directiva e a Asemblea Xeral.

Os órganos de goberno e representación da asociación son a Asemblea Xeral e a Xunta Directiva, que adoptarán os seus acordos de conformidade co principio maioritario ou de democracia interna.

Artigo 17. Representación legal.

O Presidente/a da Asociación asume a representación legal da mesma e executará os acordos adoptados pola Xunta Directiva e a Asemblea Xeral, presidindo as sesións que celebre unha en outra.

O Presidente/a será designado pola Asemblea Xeral entre socios que teñan polo menos 1 ano de antigüidade.

Artigo 18. A Xunta Directiva: Composición.

1. A Xunta Directiva é o órgano de representación que xestiona e representa os intereses da Asociación, de acordo coas disposicións e directivas da Asemblea Xeral.

Estará formada por: Presidente/a, Secretario/a, Tesoureiro/a e un mínimo de 3 vogais, designados pola Asemblea Xeral entre as persoas asociadas maiores de idade, en pleno uso dos seus dereitos civís que non estean incursas en motivos de incompatibilidade legalmente establecidos.

Artigo 19. A Xunta Directiva: Composición e cese.

Os cargos que compoñen a Xunta Directiva serán gratuítos, sen prexuízo do dereito a ser reembolsados dos gastos debidamente xustificados, e deberán carecer de interese económico nos resultados da actividade por si mesmos ou por persoa imposta.

Escolleranse pola Asemblea Xeral os cargos e durarán un período de 2 anos renovándose por metade cada ano e sendo reelegibles.

Os cargos da Xunta Directiva cesarán na súa función por:

- a) Morte ou declaración de falecemento da persoa física ou extinción da persoa xurídica
- b) Incapacidade, inhabilitación ou incompatibilidade, de acordo co establecido no ordenamento xurídico
- c) Resolución xudicial.
- d) Renuncia voluntaria.
- e) Perda da condición de persoa asociada.
- f) Incumprimento das obrigas que tiveran encomendadas.
- g) Transcurso do período do seu mandato. Neste caso e en tanto non se proceda á elección da nova Xunta Directiva, aquela continuará en funcións ata a designación dos novos membros.

De producirse vacantes na Xunta Directiva, estas serán desempeñadas provisionalmente polos restantes membros, ata a elección definitiva pola Asemblea Xeral.

Artigo 20. Funcións da Xunta Directiva.

É función da Xunta Directiva entre outras:

1. Programar e dirixilas actividades asociativas e levar a xestión administrativa e económica da Asociación.
2. Someter a aprobación da Asemblea Xeral o orzamento anual de ingresos e gastos, así como o estado de contas do ano anterior.
3. Fixa-la data da Asemblea Xeral e fixa-las cotas ordinarias e extraordinarias que se aproben así como resolver sobre a admisión e baixa de socios.
4. Crear e nomear comisións de traballo ou seccións que se estimen oportunas para o bo funcionamento da Asociación, ditar normas interiores de organización e exercer cantas funcións non estean expresamente asignadas á Asemblea Xeral.
5. Cumprir e facer cumprilas disposicións destes estatutos e os acordos da Asemblea Xeral.
6. E en xeral, tódalas funcións que lle corresponden para a boa e recta administración da Asociación.

Artigo 21. Reunións Xunta Directiva.

A Xunta Directiva celebrará as súas sesións ordinarias unha vez o trimestre ou cantas veces o determine o/a Presidente/a por iniciativa propia ou a petición de calquera dos seus compoñentes ou do Director do Colexio. Será presidida polo/a Presidente/a, e na súa ausencia polo vogal de máis antigüidade ou idade.

Para que os acordos da Xunta Directiva sexan válidos deberán ser adoptados pola maioría dos votos dos asistentes, sendo necesaria a concorrencia do Presidente/a e o Secretario/a ou as persoas que as substitúan. No caso de empate decidirá o voto do Presidente/a.

O/A Secretario/a ou, no seu defecto, o Vogal de menor antigüidade ou idade levantará acta das sesións que se transcribirán ao Libro de Actas.

Artigo 22. Comisións de traballo.

Os membros da Xunta Directiva presidirán as comisións que a propia Xunta acorde constituír, co fin de delegar nelas a preparación de determinados actos ou actividades, ou de solicitar das mesmas as informacións necesarias. Formarán parte, ademais, das ditas comisións o número de socios/as que acorde a Xunta Directiva, a proposta dos seus respectivos Presidentes/as.

Cando as necesidades o aconsellen, a Xunta Directiva poderá acordar que as comisións se desdobre en subcomisións.

Artigo 23. Asemblea Xeral

A Asemblea Xeral de asociados e asociadas é o órgano de expresión da vontade da Asociación e estará formada por todos os integrantes da mesma. O/A Presidente/a, e o/a Secretario/a da Asemblea serán os mesmos que os da Xunta Directiva.

A Asemblea Xeral ostenta dentro da lei a representación máxima da Asociación. Será constituída por tódalas persoas asociadas que poderán concorrer a ela persoalmente ou debidamente representados.

Artigo 24. Reunións Asemblea Xeral.

A Asemblea Xeral reunirse con carácter ordinario como mínimo dúas veces ó ano, en setembro ou outubro e outra en xuño ou xullo; e con carácter extraordinario cantas veces o acorde a Xunta Directiva, ou o soliciten o 20% das persoas asociadas. Neste último caso realizarase por medio de escrito dirixido ó/a Presidente/a, autorizado coas firmas dos solicitantes, no que se expoña o motivo da convocatoria e a orde do día.

Artigo 25 Convocatoria.

Tanto a Asemblea ordinaria como a extraordinaria serán convocadas con 10 días de antelación, polo/a Presidente/a da Xunta Directiva.

As convocatorias realizaranse por escrito sinalando o lugar, día e hora da reunión, así como a orde do día. Empregaranse preferentemente medios telemáticos.

A documentación e información sobre as materias incluídas na orde do día, estará a disposición das persoas asociadas na secretaría da asociación cunha antelación mínima de 10 días naturais á celebración da Asemblea.

Artigo 26. Facultades da Asemblea Xeral ordinaria.

Serán competencias da Asemblea Xeral ordinaria:

1. Aproba-la acta da reunión anterior.
2. Aproba-lo plan de actividades.
3. Examinar e aprobar, se procedese, a memoria anual, o balance de presupostos anuais de ingresos en gastos.
4. Exame e aprobación das cotas.
5. Confirmar nos postos ós compoñentes da Xunta Directiva.
6. Coñece-la actuación da mesma coas funcións que encomendan os estatutos.

Artigo 27. Facultades da Asemblea Xeral extraordinaria.

Serán competencias da Asemblea Xeral extraordinaria:

1. Modifica-los Estatutos da Asociación, mediante acordo adoitado por **maioría absoluta** dos socios presentes ou representados.
2. Elixi-los integrantes da Xunta Directiva.
3. Aproba-la federación con outras Asociacións.
4. Decidir sobre calquera cuestión que lles sexa acometida pola Xunta Directiva ou a petición dos socios que representen o 20% sinalado no artigo 24 e que teñan relación coa Asociación.
5. Acorda-la disolución da Asociación e designa-los/as liquidadores/as.
6. Ratifica-la expulsión de asociados e asociadas a proposta da Xunta Directiva.
7. Aproba-lo regulamento de réxime interno da Asociación.
8. As que sendo de competencia da Asemblea ordinaria, por razóns de urxencia ou necesidade, non poidan espera-la súa convocatoria, sen grave prexuízo para a Asociación.
9. Tódalas non conferidas expresamente á Asemblea Xeral ordinaria ou a Xunta Directiva.

Artigo 28.

Artigo 29. Constitución e quórum de convocatoria

As Asembleas Xerais, tanto ordinarias como extraordinarias, quedarán validamente constituídas sempre que concorran un terzo das persoas asociadas presentes ou representadas, na primeira convocatoria ou, transcorrida media hora, en segunda convocatoria, con calquera número de asistentes con dereito a voto. En todo caso, terán que estar presentes as persoas que ostentan a Presidencia e a Secretaría ou as persoas que as substitúan.

Artigo 30. Funcionamento das Asembleas.

As sesións se abrirán cando así o determine o/a Presidente/a. Seguidamente se procederá por parte do/a Secretario/a á lectura da acta da Asemblea anterior que deberá ser aprobada.

Posteriormente, o/a Secretario/a procederá a elevar a orde do día. Cada punto será informado polo membro da Xunta directiva que lle corresponda, procedéndose a aprobación nos termos contidos nestes Estatutos, segundo a materia que se trate.

Unha vez rematados tódolos asuntos da orde do día se procederá a facer unha quenda de rogos e preguntas e adopción de acordos, concluído o que se levantará a sesión por parte do/a Presidente/a.

Artigo 30 bis. Adopción de acordos

1. Os acordos da Asemblea Xeral adoptaranse por maioría simple das persoas presentes ou representadas, cando os votos afirmativos superen aos negativos, non sendo computables a estes efectos os votos nulos, en branco nin as abstencións.
2. Será necesaria a maioría absoluta dos votos emitidos, que resultará cando os votos afirmativos superen a metade das persoas presentes ou representadas, para adoptar os seguintes acordos:
 - a) Designación de membros da Xunta Directiva
 - b) Acordo para constituír federacións e para integrarse ou separarse delas
 - c) Disolución da asociación.
 - d) Modificación dos estatutos, incluído o cambio de domicilio social.
 - e) Disposición ou alleamento de bens.
 - f) Remuneración das persoas que integran os órganos de goberno e representación.

3. Os acordos adoptados conforme ós preceptos anteriores obrigarán a todas as persoas asociadas, incluso as non asistentes.

Artigo 31. Valor acordos.

Os acordos que vaian contra estes Estatutos ou infrinxan os fins da Asociación poderán ser recorridos en reposición, perante a Asemblea Xeral. A partir da resolución do recurso de reposición, quedará expedita a vía para recorrer perante a xurisdición ordinaria.

Artigo 32. Presidente/a

O/A Presidente/a da Xunta Directiva terá, ademais das facultade consignadas no artigo 17º, as seguintes atribucións:

- a) Presidir e levanta-las sesións que celebre a Xunta Directiva e a Asemblea Xeral, dirixilas deliberacións dunha e outra, decidindo con voto de calidade, en caso de empate.
- b) Propoñelo plan de actividades da Asociación á Xunta Directiva, impulsando e dirixindo as súas tarefas.
- c) Ordena-los pagamentos acordados validamente.
- d) Representa-la Asociación con plenos poderes perante calquera organismo público ou privado.
- e) Firma-las actas, certificados, pagos e outros documentos da Asociación xunto co Secretario/a ou membro da Xunta Directiva a quen lle corresponda a elaboración do documento de que se trate.
- f) Fixa-la orde do día e autorizar co visto e prace as actas levantadas polo Secretario/a.
- g) En xeral, adoitar cantas medidas considere urxentes para o mellor goberno, réxime e administración da Asociación, dando conta á Xunta.

O/A Presidente/a será asistido/a nas súas funcións por o vogal da Xunta Directiva de maior antigüidade ou idade, que ademais, substituirao/a nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade.

Artigo 33. Secretario/a

O/A Secretario/a recibirá e tramitará as solicitudes de ingreso, levará o ficheiro e o libro de rexistro das persoas asociadas e terá ó seu cargo a dirección dos traballos administrativos da Entidade. Correspóndelle así mesmo notifica-las convocatorias e custodia-las actas e expedir certificacións das mesmas co visto e prace do/a Presidente/a.

O/A Secretario/a correspóndelle tamén levar o inventario dos bens da Asociación nun libro establecido ó efecto. Actuará como tal nas reunións levantando as actas das mesmas e asistindo ó/á Presidente/a na redacción na orde do día e redactando a memoria anual.

A persoa que ostenta a Secretaría, nos casos de ausencia ou enfermidade, será substituída polo vogal da Xunta Directiva de menor antigüidade ou idade.

Artigo 34. Tesoureiro/a.

O/A Tesoureiro/a recadará e custodiará os fondos pertencentes á Asociación, dará cumprimento ás ordes de pagamento que expida o/a Presidente/a, dirixirá a contabilidade da Asociación, tomará razón e levará conta dos ingresos e dos gastos asociativos, participando en tódalas operacións de orde económico.

O/A Tesoureiro/a procederá ó peche do exercicio orzamentario antes do 31 de decembro. O estado das contas estará a disposición dos membros da Asociación nos 10 días anteriores á celebración das Asembleas.

No caso de non houbera ningún voluntario/a entre as personas asociadas que quera ocupar ese posto, as súas funcións serán desempeñadas polo/a Presidente/a e Secretario/a de xeito mancomunado, provisionalmente.

Artigo 35 Vogais

Os Vogais no número que determine a Asemblea Xeral terán as seguintes atribucións:

1. Realizar programas e propostas na súa área de actuación.
2. Desempeña-los traballos que lle sexan encomendados pola Xunta Directiva.
3. Cooperar nos estudos e discusión dos asuntos que se traten na Xunta Directiva, e especialmente nas funcións que especificamente lles foran encomendadas por esta.

Artigo 35 bis. Obrigas documentais

A Asociación disporá dos seguintes documentos, que estarán a disposición de todas as persoas asociadas:

- a) Unha relación actualizada das persoas asociadas..
- b) Documentación contable que permitan obter a imaxe fiel do patrimonio, do resultado e da situación financeira da entidade, así como das actividades realizadas. Tal contabilidade levarase de conformidade coa normativa específica que resulte de aplicación.
- c) Inventario dos seus bens.
- d) Libro de actas das reunións dos seus órganos de goberno e representación.

CAPÍTULO IV RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 36. Patrimonio inicial.

A asociación no momento de iniciar as súas actividades carece de patrimonio fundacional.

Artigo 37. Réxime de funcionamento.

O borrador de presuposto será elaborado polo/a Tesoureiro/a da Asociación, que deberá telo preparado antes do un de setembro de cada ano natural, a fin de que poda ser aprobado na Asemblea Xeral Ordinaria.

O exercicio asociativo e económico será por ano natural e o seu peche terá lugar antes do 31 de decembro dese ano.

Artigo 38. Recursos económicos.

A Asociación manterase dos seguintes recursos:

1. As cotas periódicas ordinarias das persoas asociadas.
2. As cotas extraordinarias que propoña a Xunta Directiva e sexan aprobadas pola Asemblea Xeral.
3. As doazóns ou subvencións que poidan conceder órganos públicos, entidades privadas ou particulares.
4. Os ingresos que se poidan recibir polo desenvolvemento das actividades da Asociación.
5. Intereses, froitos, rendas e produtos dos fondos anteriores.
6. Calquera outro ingreso admitido pola normativa vixente para actividades non lucrativas.

Artigo 39. Cotas.

As cotas ordinarias acórdanse pola Asemblea Xeral Ordinaria, a proposta da Xunta Directiva non sendo reintegrables en caso algún e dedicándose a atende-las necesidades da Asociación.

A cota ordinaria é única e se paga no inicio de cada curso académico antes do 31 de outubro.

Artigo 40. Contas anuais.

Con referencia ó último día de cada ano natural, elaboraranse as contas, que se formalizarán nunha memoria, que será posta a disposición das persoas asociadas, durante un prazo non inferior a 10 días ó sinalado para a celebración da Asemblea Xeral Ordinaria, que deberá aproballo ou censuralo.

A Xunta Directiva levará os correspondentes libros de contabilidade, que permitan obter unha imaxe fiel do patrimonio, o resultado e a situación financeira da asociación.

Artigo 41.

En cada curso académico, no tempo que establece o artigo 25 será aprobado o orzamento pola Asemblea Xeral Ordinaria.

Artigo 42. Provisión fondos.

Para a disposición de fondos das entidades bancarias onde a Asociación teña depositados os mesmos, terán recoñecidas as sinaturas na entidade bancaria correspondente o/a Presidente/a e e o/a Tesoureiro/a, para a utilización conxunta deles.

Artigo 43. Destino de ingresos a fins da asociación.

Como entidade sen ánimo de lucro, os beneficios obtidos derivados do exercicio de actividades económicas, incluídas as prestacións de servizos, destinaranse exclusivamente ao cumprimento dos fins da asociación. En ningún caso, estes beneficios poderán ser repartidos entre as persoas asociadas ou calquera outra persoa física ou xurídica con interese lucrativo.

CAPÍTULO V DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO

Artigo 44. Regulamento de réxime interno.

Por acordo da Asemblea Xeral pode aprobarse un regulamento de réxime interno, que desenvolverá aquelas materias non contempladas directamente nestes Estatutos, non podendo ir en ningún caso en contra do estipulado nos mesmos.

En todo caso, o funcionamento interno da asociación estará sometido ao ordenamento xurisdiccional civil.

CAPÍTULO VI MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS, DISOLUCIÓN E LIQUIDACIÓN DA ASOCIACIÓN

Artigo 45. Modificación dos Estatutos.

Os presentes Estatutos poderán ser modificados a proposta da Xunta Directiva ou un cuarto das persoas asociadas. A convocatoria da Asemblea Xeral Extraordinaria estará acompañada do texto coas modificacións propostas, abríndose un prazo de 7 días naturais para calquera socio/a poida dirixir á Secretaria as propostas e emendas que estime oportunas. Estas complementarán a documentación da citada Asemblea e serán entregadas cunha antelación mínima de tres días á realización da mesma.

Artigo 46. Aprobación modificación Estatutos.

Para ser aprobada a reforma dos Estatutos será necesario a maioría absoluta dos membros da Asemblea Xeral de socios/as presentes ou representados.

Artigo 47. Disolución.

A asociación disolverase polas seguintes causas:

1. Pola vontade dos asociados/as acordada polas dúas terceiras partes dos mesmos/as.
2. Por outras causas determinadas legalmente.
3. Por sentenza xudicial.

Artigo 48. Liquidación.

Acordada a disolución, a Asemblea Xeral Extraordinaria designará tres asociados/as liquidadores, que xunto o/a Presidente/a e o/a Tesoureiro/a, procederán a efectuar a liquidación dos bens, pagando débedas, cobrando créditos e fixando o haber líquido resultante.

Artigo 49. Destino Haberes.

O haber resultante unha vez efectuada a liquidación, destinarase, se o houberse, á adxudicación de becas ou axudas ós alumnos/as do C.P.I.P. de O Forte – Boqueixón ou en último caso a fins desta natureza benéfico-docente.

O xustificante da doazón será presentado ao Rexistro de Asociacións correspondente para proceder a inscrición da disolución da Asociación.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

En todo canto non estea previsto nos presentes Estatutos se aplicará a Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación e demais disposicións complementarias.

Dilixencia para facer constar que os presentes estatutos quedan redactados conforme ás modificacións aprobadas na Asemblea Xeral Extraordinaria celebrada en data **2 de xullo de 2020** e coas maiorías previstas nos estatutos da asociación.

firma

O secretario/a